

RUTAS DOS CRUCEIROS DA TERRA CHÁ.

ROTEIRO DO CONCELLO DE COSPEITO (LUGO).

**AUTORES: FERNANDO ARRIBAS ARIAS.
JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.
MARIO SAAVEDRA PÉREZ.**

***PUBLICADO EN “CADERNOS DE ESTUDOS CHAIREGOS”, Nº 7. PUBLICACIÓN DO
I.E.S.CH.A. (INSTITUTO DE ESTUDOS CHAIREGOS), Vilalba (Lugo), 2014***

The background of the entire page is a photograph of a cemetery. On the left, a large, weathered stone cross stands prominently. To its right is a stone bell tower with a single bell hanging inside. The sky is clear and blue, and some trees are visible in the distance.

ASOCIACIÓN DE AMIGOS DOS CRUCEIROS

*IV RUTA DOS
CRUCEIROS DA
TERRA CHÁ*

(CONCELLO DE COSPEITO)

Domingo, 22 de Setembro de 2013

I. ALGÚNS TRAZOS XEOGRÁFICOS SOBRE O CONCELLO DE COSPEITO.

O municipio de Cospeito está situado na comarca da Terra Chá, que ocupa unha superficie de 1823 km². A súa capitalidade está situada na Feira do Monte, entidade de poboación pertencente á parroquia de Sistallo, e que recibe o seu nome da feira, que se celebraba dende o século XVII. A súa superficie - de 144,8 km² - é cha e ondulada, e está cuberta de monte baixo e prados e regada polos ríos Miño e Támoga¹.

Pola súa situación xeográfica o clima é oceánico continental con temperaturas medias de 12° C, sendo os invernos fríos (6° C.) e os veráns frescos (18° C.).

A nivel humano, o concello tivo un crecemento positivo aínda que irregular dende o ano 1900 ata o ano 1950. Na década seguinte a poboación seguiu aumentando debido ao fenómeno da colonización nestas terras, levado a cabo polo Instituto de Reformas e Desenvolvemento Agrícola (IRYDA). Sen embargo a finais da década dos sesenta a poboación comezou a descender debido a un crecemento natural negativo. Isto deu lugar a una estrutura da poboación avellentada. Na actualidade, segundo o I.G.E. do ano 2013 (Instituto Galego de Estadística), o municipio posúe unha poboación de 4954 habitantes distribuídos nas seguintes parroquias: Arcillá (San Paio), Bestar (Santa María), Bexán (San Paio), Cospeito (Santa María), Goá (San Xurxo), Lamas (San Martiño), Momán (San Pedro), Muimenta (Santa Mariña), Pino (San Martiño), Rioaveso (Santalla), Roás (San Miguel), Santa Cristina (San Xiao), Seixas (San Pedro), Sisoí (Santalla), Sistallo (San Xoán), Támoga (San Xiao), Vilapene (Santa María), Xermar (Santa María), Xustás (Santiago).

Desde unha óptica histórica, as orixes deste concello están ligadas a un hipotético e antigo poboamento de construcións paladitas. Na Idade Media os Andrade tiveron o dominio sobre a maioría das terras do municipio, agás a do couto da Pena de Cospeito, propiedade do cabaleiro Rui López de Aguiar². Nas guerras irmandiñas os poboadores de Cospeito participaron dun xeito activo atacando a fortaleza de Támoga e o castelo de Calda Loba. Neste lugar, a fila e o xenro do mariscal Pardo de Cela resistiron durante algún tempo os ataques do representante dos Reis Católicos. No ano 1822, o territorio

¹ ROMÁN DÍAZ, Berta.: “Cospeito”, en *Galicia, pueblo a pueblo*. La Voz de Galicia. Xunta de Galicia, 1993, páxs. 433-436.

² EQUIPO “IR INDO” (GUZMÁN LÓPEZ, Cristina; IGLESIAS PÉREZ, Montserrat; MIRAMONTES CARBALLADA, Ángel...) Galicia en Comarcas. Terra Chá e Meira. La Voz de Galicia. Ed. Ir Indo. T.25, Vigo, 2005, paxs. 103-108

actual de Cospeito estaba repartido administrativamente entre os concellos de Arcillá e Santa Cristina. Logo, no ano 1835, repartiuse entre os municipios de Castro de Rei, Outeiro de Rei, e Vilalba.

A nivel económico, a base radica no sector primario, representado pola cabana bovina, que posúe o municipio, debido sen dúbida a actuación do Instituto Nacional de Colonización en lugares como o Arneiro, Espiñeira e Veiga do Pumar. O sector secundario está referido ás industrias de carpintería e materiais de construción. Finalmente, o sector terciario está reflectido no comercio, no transporte e nos servizos públicos. Ambos os dous sectores están presentes principalmente nos núcleos de poboación da Feira do Monte, capital do municipio, e Muimenta, situada na estrada de Vilalba a Meira.

II. ROTEIRO SOBRE OS CRUCEIROS DE COSPEITO.

Co obxecto de dar a coñecer os cruceiros chairegos, unha das manifestacións máis importantes do patrimonio etnográfico da Terra Chá, e contribuír así á posta en valor destes singulares monumentos, a Asociación de Amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedra e Petos de Ánimas organizou un novo roteiro dos Cruceiros da Terra Chá, guiado polo equipo Carboeira, que está formado polos etnógrafos Fernando Arribas Arias, José Manuel Blanco Prado e Mario Saavedra Pérez.

Nesta ocasión os asistentes –uns corenta aproximadamente– visitaron acompañados dos devanditos guías o concello de Cospeito, caracterizado por un abundante número destas mostras da arte e a devoción popular –48 cruceiros, 18 cruces e un vía crucis–. No percorrido, realizado en autocar, puideron apreciar os seguintes cruceiros:

Cruceiro da igrexa de Muimenta.

Cruceiro da igrexa de Sistallo.

Cruceiro de Galán.

Cruceiro do Santuario da Feira do Monte).

Cruceiro de Algara.

Cruceiro das Carballas.

Cruceiro do Calvario.

Cruceiro de Lamas.

Cruceiro do Eirixado.


Cruceiro da igrexa de Santa Cristina.

Cruceiro dos Muíños.

II. 1. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA E COORDENADAS U.T.M. DOS CRUCEIROS VISITADOS.

CRUCEIROS	LUGAR	PARROQUIA	COORD/U.T.M.
DE MUIMENTA	IGREXA	MUIMENTA	X= 627.120 Y= 4.790.500
DE SISTALLO	IGREXA	SISTALLO	X= 615.800 Y= 4.789.400
DE GALÁN	FEIRA DO MONTE	SISTALLO	X= 617.100 Y= 4.788.350
DO SANTUARIO	FEIRA DO MONTE	SISTALLO	X= 617.150 Y= 4.788.100
DE ALGARA	ALGARA	VILAPENE	X= 615.220 Y= 4.787.550
DAS CARBALLAS	AS CARBALLAS	SEIXAS	X= 613.850 Y= 4.787.950
DO CALVARIO	O CALVARIO	ARCILLÁ	X= 615.470 Y= 4.780.450
DE LAMAS	IGREXA	LAMAS	X= 617.900 Y= 4.781.950
DO EIRIXADO	O EIRIXADO	XERMAR	X= 619.750 Y= 4.784.320
DE STA. CRISTINA	IGREXA	STA. CRISTINA	X= 618.950 Y= 4.788.750
DOS MUÍÑOS	OS MUÍÑOS	ROÁS	X= 622.200 Y= 4.788.220

II. 2. MAPA DE LOCALIZACIÓN.



II. 3. SITUACIÓN DOS CRUCEIROS NO ÁMBITO PARROQUIAL E DESCRICIÓN DOS SEUS ELEMENTOS.

3.1. CRUCEIRO DA IGREXA DE MUIMENTA.

Este cruceiro, de dominio público, está situado no adro da igrexa parroquial. Foi restaurado hai algúns anos. Desde unha óptica artística está formado por unha serie de elementos claramente diferenciados e colocados nunha orde ascendente do seguinte xeito:



Unha plataforma formada por dous chanzos de cachotería e un de granito. Unha base de tendencia troncopiramidal constituída por tres tramos paralelepípedos, que se van reducindo en tamaño, e cunha moldura en caveto entre o segundo e o terceiro. Un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas rebaxadas no resto; na cara norte están esculpidos os instrumentos da paixón, que nunha orde descendente amosan a seguinte disposición: un martelo, unhas tenaces, un látego, unha lanza e unha escaleira de sete banzos. Un capitel de forma

troncopiramidal invertida, ornamentado cun funículo, cunhas pequenas rosetas, e cunhas volutas –rematadas en bolas- nos vértices superiores das arestas e cuns querubíns de forma esquematizada nas súas caras. Como remate, unha cruz de sección cuadrangular e coas arestas biseladas, presentando os extremos dos brazos e da cabeceira un tipo de cruz florenzada. No anverso da cruz e, baixo unha cartela na que pode lerse INRI, mostra unha efixie de Cristo cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, que

está inclinada ao lado dereito; as súas mans aparecen abertas e o perizoma está anoado ao lado esquerdo; as pernas amosan o pé esquerdo sobre o dereito. No seu reverso, presenta unha imaxe da Virxe, vestida cunha túnica e cun manto, e coas súas mans en actitude orante.

Preto do cruceiro e ó carón da estrada comarcal Vilalba-Meira houbo unha cruz de madeira de carballo, que mandaron construír as irmáns Agustina e Francisca Villalba Gasalla, veciñas de Muimenta, con posterioridade a unha misión impartida polos “Pais Redentoristas” no ano 1918. Na actualidade construíuse unha nova cruz granítica e de cachotes.

3.2. CRUCEIRO DA IGREXA DE SISTALLO.

Esta manifestación relixiosa –de propiedade pública– está colocada por riba dun muro, que delimita o adro da igrexa do exterior. Foi construída por Manuel Santiso, pertencente á “Casa dos Garrido”, a principios do século XX.

A nivel artístico está constituído nunha orde ascendente polos seguintes corpos:

Unha base monolítica que mostra un primeiro tramo paralelepípedo e un segundo tendendo á troncopiramidalidade, e con molduras cóncavas e convexas; ademais presenta unha inscrición ilexible. Un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos



e oitavada no resto, que amosa labrados en relevo os instrumentos da paixón na parte superior das súas caras: na norte, as tenaces; na oeste, os tres cravos; na leste, unha escaleira de cinco banzos; e na sur, o martelo; ademais, a parte inferior da cara norte está ornada cunha custodia. Un capitel de forma troncopiramidal invertida, decorado

cunhas volutas –rematadas en bolas– nos vértices superiores das arestas e cuns querubíns nas súas caras agás na da cara sur na que aparecen dous anxos, portando unha coroa; a cara leste foi restaurada. Finalmente, unha cruz de sección oitavada e florenzada nos seus extremos. No seu anverso, baixo unha cartela, amosa unha efixie de Cristo coas seguintes características: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están extendidos ao longo da cruz e as mans aparecen abertas; o seu perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas lixeiramente flexionadas mostran o seu pé dereito sobre o esquerdo e ámbolos dous sobre unha santiña, vestida cunha túnica e cun manto, e coas súas mans sobre o peito. No seu reverso, amosa unha efixie da Virxe coroada, revestida cunha túnica e cun manto co que envolve ao neno. Presenta restos de policromía de cor azul.

3.3. CRUCEIRO DO GALÁN.

Esta expresión artística, de dominio privado, está situada no xardín infantil. Sobre o seu dereito de propiedade **Manoel Lousa Rodríguez** dinos o seguinte: “**A una casona antigua, con escudo de armas, rodeada de notable cantidad de terreno cerrado con muralla de piedra pertenecía el cruceiro. Los propietarios de la finca residían en Viveiro, administrando la propiedad la familia Galán, adjudicándole el pueblo este nombre al cruceiro. Descendiente de la familia Galán es D. José Luís García Díaz, a quien debemos esta información**”³. Con respecto a sua composición artística cómpre distinguir as seguintes partes nunha orde ascendente:



³ LOUSA RODRÍGUEZ, Manoel.: *O Santuario da Nosa Señora do Monte*, Feira do Monte (Cospito), Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 1996, páxs. 102-105.

Unha plataforma de tres chanzos de granito: o inferior parcialmente soterrado. Unha base composta de tres elementos: o inferior, de forma paralelepípeda; o central, cunha moldura en cima recta ou gola; e o superior, tamén de forma paralelepípeda pero máis estreito que o inferior. Por riba da base o fuste se prolonga nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas biselas no resto; na cara Ne. aparecen tallados en relevo os instrumentos da paixón, que nunha orde descendente presentan a seguinte disposición: os tres cravos, unha escaleira de catro banzos entrelazada cunha lanza, o martelo, as tenaces tamén entrelazadas, e a columna da flaxelación; na parte superior das súas catro caras hai un rombo cunha roseta no seu interior e catro roeís flanqueando os seus lados. Sobre o fuste se apoia un capitel de forma troncopiramidal invertida, ornado cunhas volutas nos vértices superiores das arestas e cuns querubíns nas súas caras. Como remate, unha cruz latina, de sección oitavada e florenzada nos seus extremos. No seu anverso, baixo unha cartela, presenta unha efixie de Cristo cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado esquerdo; os seus brazos están extendidos ao longo da cruz e as mans aparecen abertas; o seu perizoma está anoado ao lado dereito e as pernas amosan o seu pé dereito sobre o esquerdo. No seu reverso, mostra unha imaxe da Virxe, vestida cunha túnica e cun manto, e coas mans sobre o ventre.

3.4. CRUCEIRO DO SANTUARIO DA FEIRA DO MONTE.



Esta mostra da devoción popular, de propiedade pública, está emprazada ó carón do Santuario da Virxe do Monte. Foi restaurada hai algúns anos. Desde unha perspectiva artística consta dunha serie de elementos claramente diferenciados e colocados nunha orde ascendente do seguinte xeito: Unha plataforma formada por un chanzo de granito sobre a que se ergue unha base de dous corpos: o inferior paralelepípedo e o superior percorrido por dúas molduras cóncavas

e unha convexa moi pronunciadas. A base prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto; na cara oeste aparecen esculpidos en relevo os instrumentos da paixón, sendo a súa colocación nunha orde descendente a seguinte: os tres cravos, unha escaleira de catro banzos entrelazados cunha lanza, o martelo e as tenaces tamén entrelazados, e a columna da flaxelación; na parte superior das catro caras hai un rombo cunha roseta no seu interior e catro roeis flanqueando os seus lados. Separado do fuste por un colariño hai un capitel de forma troncopiramidal invertida, que está ornamentado cunhas volutas nos vértices superiores das arestas e cuns querubíns nas súas caras. Como remate, unha cruz de sección oitavada e florenzada nos seus extremos. No seu anverso, baixo unha cartela, aparece unha efíxie de Cristo que mostra os seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os brazos extendidos ao longo da cruz e as mans abertas; o seu perizoma anóase ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o seu pé dereito sobre o esquerdo. No seu reverso, manifestase unha imaxe da Virxe coroada, vestida cunha túnica e cun manto, e co neno nos brazos.

O feito de que no fuste a disposición dos instrumentos da paixón, e o entrelazo entre a escaleira e a lanza, e o martelo e as tenaces sexa o mesmo en ámbos os dous cruceiros da Feira do Monte, lévanos a supoñer que foron construídos polo mesmo canteiro.

Por outra banda, este cruceiro –segundo *Nicanor Rielo Carballo*⁴– data do ano 1864. Así mesmo, *Manoel Lousa Rodríguez* dinos “que o pedestal, de formas ondulantes, presenta una leyenda de la solamente son legibles: Año 18...(mil ochocientos)”⁵.

3.5. CRUCEIRO DE ALGARA.

Esta manifestación popular, de dominio público, está situada nun campo ó caron da igrexa parroquial.

No seu conxunto amosa unha serie de elementos artísticos, que nunha orde ascendente están colocados da seguinte maneira:

Unha plataforma de dous chanzos de granito. Unha base composta de tres corpos: o inferior, de forma paralelepípeda; o central, mostra unha moldura en cima recta ou gola;

⁴ **RIELO CARBALLO, Nicanor.:** *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. T. VI. Servicio de Información Artística, Arqueológica y Etnológica. Madrid, 1983, páx. 45.

⁵ **LOUSA RODRÍGUEZ, Manoel.:** *Ob. cit., páxs. 101-103*.

e o superior tamén paralelepípedo aínda que máis axuntado que o inferior. Nas caras Nw., e Sw., mostra a seguinte inscrición.

Cara Nw. **“ESTE CONSTRUIDO / POR RAMON / CASTIÑEIRA/**

Cara Sw. **EL EXCMO/ SR. OBISPO / DE MONDº CONCE / DIO 40 DIAS DE IN / DULGENCIA A LOS / QUE REZAREN ANTE / ESTE CRUCERO EL / PADRENUESTRO / EL CREDO EL A / VEMARIA O LA / SALVE O EL AUTO / D CONTRICION / O LOS D FE / ESPRA Y CAR/”.**

Por riba da base o cruceiro alóngase nun fuste monolítico e prismático, de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto; na cara Se. do fuste aparecen tallados en relevo os instrumentos da paixón, que amosan nunha orde descendente a seguinte disposición: os tres cravos, unha espada, unhas tenaces, un martelo e unha escaleira de sete banzos; a parte superior das súas caras están ornamentadas por un rombo, e cun roel inscrito e catro flanqueando os seus lados; o fuste mostra restos de policromía de cor verde, vermella e amarela.



Sobre o fuste se apoia un capitel, de forma troncopiramidal invertida e cunha moldura cóncava-convexa; está decorado cunhas volutas nos vértices superiores das arestas. Como remate, unha cruz latina e coas arestas biseladas. No seu anverso, baixo unha cartela, aparece unha efixie de Cristo, que mostra as seguintes peculiaridades: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao fronte; os brazos están extendidos ao longo da cruz e as mans aparecen abertas; o seu perizoma está anoado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o seu pé dereito sobre o esquerdo; a efixie está flanqueada por dous santiños: o da dereita porta unha cruz; pola contra, o da esquerda, sen cabeza, cruza as súas mans sobre o peito. No seu reverso, manifestase unha imaxe

da Virxe coroada, vestida cunha túnica e cun manto, portando no brazo dereito ao Neno e no esquerdo un manípulo.

É o único caso neste concello e na comarca da Terra Chá no que a efixie da Virxe porta un manípulo.

3.6. CRUCEIRO DAS CARBALLAS.

Esta expresión popular, de propiedade privada, está emprazada nunha praciña preto da igrexa. Pertence a D. Manuel Fernández Braña da “Casa do Condiño”.

A nivel artístico, consta dunha serie de corpos, que nunha orde ascendente están dispostos do seguinte xeito:

Unha plataforma formada por tres chanzos de cemento. Unha base composta por tres elementos: o inferior, de forma paralelepípeda; o central, cunha moldura en cima recta ou fola; e o superior tamén de forma



paralelepípeda aínda que máis axustado que o inferior; na cara Sur, hai unha inscrición na que se le o ano no que foi construído: 1891. A base prolongase nun fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas biseladas no resto; na cara Sur están esculpidos en relevo os instrumentos na paixón, que están colocados nunha orde descendente da seguinte maneira: os tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha escaleira de oito banzos e unha lanza. O fuste serve de soporte a un capitel, de forma troncopiramidal invertida e cunha moldura cóncava-convexa; está ornamentado cunhas volutas nos vértices superiores das arestas; na súa cara Leste lese a seguinte inscrición: N° 23; e a cara Sur aparece ornada cun sol. O cume do cruceiro acaba nunha cruz de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto; ademais presenta un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. No anverso da cruz e, baixo unha cartela, mostrase unha efixie de Cristo cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo

da cruz e as mans aparecen abertas; o perizoma está anoadado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha santiña, que mostra as súas mans sobre o peito. No seu reverso, presenta unha imaxe da Virxe, vestida cunha túnica e cun manto, e coas mans sobre o peito en actitude orante.

Debido aos destrozos causados por un camiión, estiveron en restauración o capitel e a cruz nun obradoiro de canteiros de Santaballa (Vilalba), propiedade do canteiro D. Xose Luís López Rodríguez. As Brigadas en Defensa do Patrimonio Chairego denunciaron no seu momento na prensa ⁶ o mal estado no que se encontraba este cruceiro. No mes de novembro do ano 1999, as pezas restauradas foron colocadas no cruceiro polo devandito canteiro.

3.7. CRUCEIRO DO CALVARIO.

Esta mostra da devoción popular, de dominio público, está situada nun cruzamento de camiños.

Desde unha perspectiva artística amosa na súa estrutura unha serie de elementos, colocados nunha orde ascendente do seguinte xeito:

Unha plataforma formada por dous chanzos de granito; o inferior algo deteriorado. Esta serve de soporte a una base de forma troncopiramidal cunha moldura cóncava-convexa no tramo central das arestas e cos bordos superiores biselados; mostra unha inscrición na que se le o seguinte:

Cara Se. “ **EL AÑO D 1891 / SE HIZO POR DIS / POSICIÓN D UNOS / DEVOTOS DE ARCILLA Y SISOI ESTA...**

Cara Nw. **EL ILMO SEÑOR / OBISPO D MONDO / NEDO CONCEDIO / 40 DIAS D INDUL / GENCIAS POR RE / ZAR...UN CREDO /**

Cara Nw. **ACTO DE CONTRICCIÓN...**”

⁶ Diarios de “El Progreso” de Lugo e “A Voz de Galicia” do 13-8-99.

Por riba da base o cruceiro alóngase nun fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas biseladas no resto; na cara Nw. están tallados en relevo os instrumentos da paixón, que nunha orde descendente amosan a seguinte disposición: os tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos; na parte superior das súas catro caras hai un rombo cun roel inscrito e catro aos seus lados. Sobre o fuste se apoia un capitel,



que presenta unha forma troncopiramidal invertida; está ornamentado con volutas nos vértices superiores das arestas, querubíns, e cadeas nas caras Nw. e Se. O cruceiro remata nunha cruz, de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto, mostrando tamén un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. No anverso da cruz e, baixo unha cartela, mostrase unha efixie de Cristo coas seguintes características: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz e as mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha caveira; ademais, dúas imaxes de santos flanquean a efixie de Cristo. No seu reverso, presenta unha imaxe da Virxe, vestida cunha túnica e cun manto, e cun rosario entre as súas mans.

O cruceiro manifesta ao exterior restos de policromía de cor azul no fuste e no capitel.

3.8. CRUCEIRO DE LAMAS.

Esta manifestación relixiosa, de dominio privado, está colocada por riba dun muro, situado ó carón da igrexa parroquial. Partencia a “Casa do Vello Meolo”, agora chamada do “Celestro”.

A nivel artístico, consta dunha serie de elementos claramente diferenciados e dispostos nunha orde ascendente do seguinte xeito:

Unha plataforma de cachotería, deteriorada na parte dereita. Unha base monolítica, cun primeiro tramo de forma paralelepípeda e un segundo troncopiramidal; está decorada en relevo con escenas da paixón nas seguintes caras:



Cara Se. *A flaxelación de Xesús*. Cara Nw. *A imposición da cruz a Xesús*. Cara Sw. *A caída de Xesús*.

Na cara Ne., hai unha inscrición na que se le o seguinte: “**LO PUSO MANUEL / GARCÍA Y SU MUJER**”.

Por riba da base o cruceiro alóngase nun fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto; na cara Sw., estan tallados en relevo os instrumentos da paixón, que amosa nunha orde descendente a seguinte colocación: os tres cravos, unhas tenaces, un martelo, unha lanza e unha escaleira de nove banzos; na parte superior da mesma cara hai unha inscrición na que se le: “**Nº 79**” e na inferior outra que di: “**AÑO / DE / 1913**” . Sobre o fuste se apoia un capitel de forma troncopiramidal invertida e cunha moldura cóncava-convexa; esta ornamentada con volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas súas caras. O cume do cruceiro acaba nunha cruz de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas biseladas no resto, amosando tamén un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. No anverso da cruz e, baixo unha cartela, mostrase unha efíxie de Cristo

cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz e as man aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e e ámbos os dous sobre unha santiña. No seu reverso, presenta unha imaxe da Virxe, vestida cunha túnica e cun manto, que sostén ao Neno nos seus brazos.

Esta mostra da devoción popular presenta restos de policromía de cor azul no fuste e no capitel.

3.9. CRUCEIRO DO EIRIXADO.



Esta expresión relixiosa, de propiedade pública, está ubicada nun cruzamento de camiños, preto da igrexa e ó caron do cemiterio.

No seu conxunto amosa unha serie de elementos artísticos, que nunha orde ascendente están colocados da seguinte maneira: unha plataforma de catro chanzos: o primeiro de cachotería e os outros de granito. Unha base monolítica, de dous corpos, separados por unha moldura en escocia: o inferior paralelepípedo, e o superior tendente á troncopiramidalidade cunha moldura en caveto e cos bordos superiores biselados; mostra unha inscrición bastante ilexible, na que se indica as

indulxencias, que recibirá o que rece determinadas oracións diante do cruceiro. Por riba da base o cruceiro prolóngase nun fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto; na cara Sur están esculpidos en relevo os instrumentos da paixón, que nunha orde descendente están dispostos do seguinte xeito: os tres cravos, unhas tenaces, un martelo, unha espada e unha escaleira de catorce banzos; así mesmo,

na parte inferior da mesma cara hai unha inscrición na que se le: “**AÑO / DE / 1893**”; por outra banda, a parte superior das súas catro caras está decorada por un rombo cunha estrela de cinco puntas. Sobre o fuste se apoia un capitel de forma troncopiramidal invertida, que está ornamentado cunha volutas –unidas por un funículo– nos vértices superiores das arestas e cuns querubíns nas súas caras. Como remate, unha cruz de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas biseladas no resto; amosa nos extremos dos brazos un tipo de cruz florenzada. No anverso da cruz e, baixo unha cartela, mostrase unha efixie de Cristo coas seguintes peculiaridades: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz e as mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha caveira; ademais, dúas imaxes de santos flanquean a efixie de Cristo: unha feminina, vestida cunha túnica e manto, en actitude orante; e a outra masculina, posiblemente S. Paulo? polo atributo da espada. No seu reverso, aparece unha coroa na intersección dos brazos; debaixo unha Piedade, ornada cunha roseta no lateral esquerdo.

3.10. CRUCEIRO DA IGREXA DE SANTA CRISTINA.

Esta mostra da devoción popular, de dominio público, está situada no adro da igrexa parroquial.

Desde unha perspectiva artística amosa na súa estrutura unha serie de elementos, colocados nunha orde ascendente do seguinte xeito:





Unha plataforma de dous chanzos de cachotería sobre a que se ergue unha base de dous corpos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, cunha moldura en caveto. Nas súas caras, agás a leste, aparecen tallados en relevo algunhas escenas da paixón. Cara Norte: a flaxelación de Xesús. Cara Oeste: dous soldados colocan a cruz a Xesús. Cara Sur: Xesús é axudado a levar a cruz polo Cirene. Nas caras Leste e Sur da parte inferior hai unha inscrición na que se le o seguinte:

Cara Sur. **“LO PUSO MANUEL / DIAZ Y DIAZ / Y SU MUGER/**

Cara Leste. **EL OBISPO DE MON / DOÑEDO CONCEDIO / 40 DIAS DE INDULGENCIAS/”.**


Por riba da base o cruceiro alóngase nun fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas biseladas no resto; a parte superior das súas caras, agás a Oeste, está decorada por unhas rosetas; nesta mesma cara están esculpidos en relevo os instrumentos da paixón, que amosan nunha orde descendente a seguinte disposición: os tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha lanza e unha escaleira de dez banzos; así mesmo, na parte inferior da mesma cara lese a seguinte inscrición. **“ANO / DE / 1909”**. O fuste prolóngase a un capitel de forma troncopiramidal invertida cunha moldura cóncava-convexa; está ornamentado cunhas volutas nos vértices superiores das arestas e cuns querubíns nas súas caras. Finalmente, no cume do fuste xorde unha cruz de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto; ademais é unha cruz de tipo florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. O anverso da cruz mostra unha efíxie de Cristo, baixo unha cartela, cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz e as mans aparecen abertas; o seu perizoma está anoado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha caveira. O reverso amosa unha imaxe da Virxe,

vestida cunha túnica e cun manto, e coas mans sobre o peito en actitude orante.

3.11. O CRUCEIRO DOS MUÍÑOS.

Esta manifestación relixiosa, de dominio público, está colocada actualmente diante da igrexa parroquial.

A nivel artístico, consta dunha serie de tramos claramente diferenciados e dispostos nunha orde ascendente do seguinte xeito: unha base formada por dous corpos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, cunha moldura en caveto; as súas caras están ornamentadas con escenas da paixón en relevo: a flaxelación, Xesús coa cruz a costas, caída de Xesús. A base serve de soporte a un fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos e



oitavada no resto; nunha das súas caras están tallados en relevo os instrumentos da paixón, que mostran nunha orde descendente a seguinte colocación: os tres cravos, un martelo, unhas tenaces e unha escaleira de sete banzos; a parte superior da mesma cara amosa unha inscrición na que se le. “**ANO / DE / 1879**”; a parte inferior, mostra outra na que tamén se le: “**Nº 37**”; as outras caras están ornadas cunha roseta. Sobre o fuste se apoia un capitel de forma troncopiramidal invertida cunha moldura cóncava-convexa; está decorado cunhas volutas nos vértices superiores das arestas e cuns querubíns nas súas caras. O cruceiro remata nunha cruz, de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto, mostrando tamén un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. No anverso da cruz e, baixo unha cartela, mostrase unha efíxie de Cristo coas seguintes características: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz e as mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas,

amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha caveira. No seu reverso, presenta unha imaxe da Virxe, vestida cunha túnica e cun manto, en actitude orante.

A finais da década dos oitenta, uns vendedores ambulantes destruíron involuntariamente a cruz. Isto motivou que os seus anacos fosen gardados no interior da casa rectoral, mentres que o resto do cruceiro fose trasladado a un campo , situado ó caron da mesma casa. Hai uns anos o cruceiro foi restaurado e colocado no antigo emprazamento.

III. BIBLIOGRAFÍA.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Castro de Rei e Outeiro de Rei.*** Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 76, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 1998.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Guitiriz.*** Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 81, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 1999.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Begonte, Cospeito e Rábade.*** Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 87, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2000.

ARRIBAS ARIAS, Fernando., BLANCO PRADO, José Manuel e SAAVEDRA, Mario. ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristo e Cruces da Pastoriza.*** Cadernos do Seminario de Sargadelos nº , Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2002.

ARRIBAS ARIAS, Fernando., CUBA RODRÍGUEZ, Xoán Ramiro, e REIGOSA CARREIRAS, Antonio “Cruces, cruceiros, ermidas e capelas da bisbarra chairega (I)”, en ***El Progreso, diario de Lugo***, 20-8-1987.

ARRIBAS ARIAS, Fernando., CUBA RODRÍGUEZ, Xoán Ramiro, e REIGOSA CARREIRAS, Antonio “Cruces, cruceiros, ermidas e capelas da bisbarra chairega (II)”, en ***El Progreso, diario de Lugo***, 20-8-1987, páx. 7.

BLANCO PRADO, José Manuel e RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Manuel. ***Cruces y Cruceiros del Municipio de Begonte.*** Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1988.

BLANCO PRADO, José Manuel. ***Religiosidad popular en el Municipio de Begonte.*** Lugo:Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1990.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M., RIELO CARBALLO, N., SANTOS SAN CRISTÓBAL, S., e VALIÑA SANPEDRO, E. *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Madrid: Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica, Ts. I-VI, 1975-1983.

LAREDO VERDEJO, J.M. *Os Nosos Cruceiros*. A Coruña: Ed. Boreal-Xuntanza, 1993.

RODRÍGUEZ CASTELAO, A. *As cruces de pedra na Galiza*. Madrid:Akal, 1975. Ed. facsímil da que se levou a cabo en B. Aires en 1049.

TRAPERO PARDO, J. “ Os cruceiros”, en *Lucus*, Boletín Informativo da Deputación Provincial de Lugo, nº 27, 1974, páxs. 25-40.

NOTAS SOBRE O TRABALLO.- As fotos foron realizadas por *Fernando Arribas Arias*. O traballo foi corrixido polo profesor *Xosé M. Felpeto Enríquez*. Os mapas de localización foron feitos polo delineante *José Cancio Fernández*. E o traballo polos xa mencionados etnógrafos.

IV. OUTRAS ILUSTRACIÓNS



***CRUCEIRO DA IGREJA DE MUIMENTA
DETALLES: CAPITEL E REVERSO DA CRUZ.***



***CRUCEIRO DA IGREJA DE SISTALLO.
DETALLES: FUSTE, CAPITEL E CRUZ.***



CRUCEIRO DE GALÁN (FEIRA DO MONTE)
DETALLE: FUSTE



***CRUCEIRO DO SANTUARIO DA FEIRA DO MONTE.
DETALLES: FUSTE,CAPITEL E REVERSO DA CRUZ.***



***CRUCEIRO DE ALGARA (VILAPENE)
DETALLES: FUSTE, CAPITEL E ANVERSO DA CRUZ***



***CRUCEIRO DAS CARBALLAS (SEIXAS)
DETALLES: FUSTE,CAPITEL E ANVERSO DA CRUZ.***



***CRUCEIRO DO CALVÁRIO (ARCILLÁ)
DETALLES: FUSTE, CAPITEL E REVERSO DA CRUZ***



***CRUCEIRO DO EIRIXADO (XERMAR)
DETALLES: CAPITEL E ANVERSO DA CRUZ***



CRUCEIRO DOS MUÍÑOS (ROÁS)
DETALLES: FUSTE, CAPITEL E ANVERSO DA CRUZ